Pablo Carballido Carballido
TÉCNICO SUPERIOR EN PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES

MADERAS
Jesús Pérez Paramos
Explotaciones Forestales
Venta de todo tipo de Leñas

Telf. 986 60 02 32
Movil 619 26 32 09

PARAMOS-TUI

Explotaciones Forestales
Compra y Venta

MADERAS
CEO FORESTAL,s.l.

C/. Joaquín Fdez. Sestelo, 41
36470 SALCEDA DE CASELAS (Pontevedra)
Telf.: 659 006 782 - Part.: 986 347 823
ceoforestal@gmail.com

BARCO LEON
Pinturas

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN GENERAL
* Venta y Aplicación de Pintura
* Papel pintado, Moqueta y Tarima

FINANCIACIÓN A SU MEDIDA

Telfs: 986 650 920 - 694 421 045
C/ Paseo Matutino, 2 PONTEAREAS
farina83@hotmail.es

Telfs: 986 651 145 - 609 366 364
C/ Villanueva, 18 A CAÑIZA
obfarina@gmail.com

Ferretería
Alvaro

HERRAMIENTAS - TORNILLERÍA
PINTURAS - BRICOLAJE

SABADOS TARDE ABIERTO

C/ Bouza Brey, 1 PONTEAREAS ✆ 986 660 655
www.ferreteriaalvaro.es.tl
ferreteria.alvaro@hotmail.es

Entrando en Guláns por Couso

Na antiga Vía XIX do Itinerario Antonino Pío (Tui-Íria Flavia), que vai de a Tui con Santiago de Compostela, a altura da igrexa do Porriño parte o antigo Camiño Real que, pasando por Ponteareas e A Franqueira, comunicaba con Melón e Ourense.

Certo día saímos andando pola histórica ruta cara O Confurco. Chegando a Rotonda do Can, lugar que ata o século XIII pertencía a parroquia de Atios, podemos imaxinar como dende unha impoñente torre no alto do Castelo, somos vixiados por un soldado que controla o paso entre o val do Louro e o val do Tea (similar aos actuais controis que fai a Garda Civil de Tráfico dende os helicópteros). Mentras, enfronte no barrio da Graña, soarían as campás do mosteiro de San Miguel de los Canales que, segundo a información recollida polo noso mestre, investigador e escritor, Anxo Porto Ucha, era de monxes Bernardos.

Pouco mais adiante, e deixando a Carretera Real ou N-120 feita a mediados do século XIX, chegamos ao fondo do val. Nese intre, decatámonos que a "música ambental" que nos acompaña non procede dun músico que semella estar tocando un piano á beira do castelo, senón que son as augas cantareiras do Río Couso.

Empezando a subir, a dereita están as ruínas da Fábrica ou antigo serradoiro hidráulico. Por debaixo da espectacular fervenza da Galomeira, quedan os restos da poza que embalsaba a auga para mover (como o fan os modernos motores) a roda de madeira do tipo acea. Tamén se aproveitaba a mesma auga para conducila ata un enorme cubo cuia presión facía xirar os rodicios dos muiños, un deles empregado para moer o xofre.

Seguimos polo camiño, que neste primeiro tramo tamén era coñecido como Camiño dos Arrieros, por onde baixaban para a citada fábrica os carros cargados de toros de piñeiros equipados cunha boa retranca, chamada posteriormente "sistema de freado". Na parte esquerda podemos mirar o inacabado túnel que, hai exactamente un século, formaba parte das obras do proxectado tranvía de Vigo a Mondariz Balneario, traballos comparables a actual construción das vías do tren de alta velocidade.

O Pousadouro, pouco mais abaixo da antiga fonte do Tanque, era o lugar do camiño empregado para facer unha parada, similar ao que hoxe lle chaman unha "área de descanso".

No alto do Confurco, deixando o Camiño Real, que neste lugar coincidía coa antiga Carretera Real, xiramos a dereita polo antigo Camiño Vello, que pasando por Guláns remataba na Ponte das Partidas. Onde hoxe está a trincheira da nova estrada xeral e a autovía das Rías Baixas, cruzámonos con outro carro cargado, que viña acompañado da peculiar música producida polo eixo feito con madeira de freixo. O arrieiro que guiaba diante da xunta de bois coa vara de aguillón ao lombo, como si fose un fusil, díxonos que, a esa peza que levaba na man, algunha xente moderna lle chamaban "o acelerador". Sinalar que cando baixaban ese senxelo aparello, para incrementar a velocidade do vehículo, era algo agresivo para os animais de tiro pero sen alcanzar as tráxicas consecuencias do moderno mecanismo.

Subindo polo chamado Porto Vello de Couso, e entrando na parroquia de Guláns, a música que soaba procedía dun espectacular conxunto de muiños.

No alto do Castelo da Arcela, no lugar que ocupa a canteira con forma de anfiteatro, houbo unha fortaleza dende a que vixiaban o tránsito polo alto do Confurco e no Camiño Vello. Era nos tempos dos Suevos, despois do abandono do Imperio romano, e coincidía co momento en que España, sen ter un goberno moi estable, quedara "un pouco a deriva" (peor que nos últimos tempos). Disque, despois de abandonar este castelo construiron o de Mirambel no alto de San Sebastián. Algúns veciños din que parte das pedras do Castelo da Arcela foron empregadas para construir a igrexa de Guláns.

Pasando o Pontillón dos Leirados, no cruzamento co camiño do citado Castelo de Cans, supostamente estaba un "portorium" que controlaba o paso pola montaña, similar as peaxes das modernas autoestradas.

Pouco mais adiante, chamóunos a atención como os veciños carrexaban herba nos carros para estendela a secar na Laxe da Lagarta. Ainda hoxe quedan os restos dos cerrados que impedían entrar os animais que andaban ceibes.

Despois de pasar uns corticeiros, nunhas laxes á beira duns cortellos, un grupo de mulleres mallaban a herba xoia mentras que uns homes, cun hábil manexo do mallo, batían no centeo. No Couto do Outeiro, diante dunha eira entre dóus típicos canastros, outro grupo de xente facía unha meda coa herba ferrán. Alí mesmo e asomado na ventá dunha tradicional casa, estaba un cativo que nos dixo chamarse Nemesio e que observaba "o desfile" ou paso das burras que transportaban mercadoría das terras de Guláns para a vila do Porriño.

Deixando de costas a magnífica estampa do barrio de Couso, cun "cachimbo" fumegando cara o Foxo de Atios e subindo pola poza do Regueiro, chegamos a Veiga de Chans. No alto do monte, destacamos os restos dun enorme cerrado de pedras, que podería corresponder aos tempos iniciais da nosa historia, construído para que as plantacións de cereais das típicas "searas" quedasen protexidas dos xabaríns e outros animais.

Baixando, miramos os sorprendentes restos das capelas de San Martiño que están á beira dun cemiterio. A pesar de corresponder ao século VIII (segundo confirmación dos arqueólogos descubridores), a nosa hipótesi lévanos a pensar que os restos da necrópoli mais antiga de Guláns, independentemente do que está en San Cibrán, poderíamos atopala no lugar de Chan de Millo.

Continuamos co itinerario que nos leva polo citado Camiño Vello, convertido na actual pista asfaltada, que pasa por debaixo do penedo da Sobra. As lendas advértennos que camiñemos amodiño, pois un xigante guerreiro sentado nun sillón de pedra pode empurrar cunha perna o penedo e... ¡Vaia susto pillamos!

¡Era o ruído dunhas bombas que estouparon! É véspera da festividade na honra a Virxe da Saúde de Guláns. Dicir que non é unha celebración calquera, tratáse dunha festa comparable a das mellores vilas do noso país. Baixaremos ata a igrexa, desexándolle a todos ¡Boas festas e que a Virxe nos acompañe sempre!

Arístides Carrera

promociones artísticas

GIRALDEZ

DALMACIO: 699 033 275

Manuel Giráldez Torres

Xinzo - PONTEAREAS

Telef: 986.640.219 - Part: 986.640.502 - Móvil: 607.329.963

Asesoría Técnica Agrícola

AGROVITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507

Análise de viños
Fitosanitarios

Avda. Ciclista
Delio Rodríguez nº4 baixo
36.860 Ponteareas
agrovitis@gmail.com
www.agrovitis.es

ELECTROPRESA DOMÍNGUEZ, S.L.

INSTALACIONES ELÉCTRICAS

ELECTRODOMÉSTICOS Y TELECOMUNICACIONES

Rúa Dr. Fernández Vega, N.º 14
Teléf./Fax: 986 641 004

36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)

CANIS
CLINICA
VETERINARIA

Isidoro Castro Fernández
Veterinario

PONTEAREAS
C/. DR. FDEZ. DE LA VEGA, N.º 17
Teléfono, 986 66 08 35

PORRIÑO
C/. PIO XII, N.º 9
Teléfono, 986 33 77 11

URGENCIAS 608 88 05 73

---

avelinocouselo
ESTACIÓN DE SERVICIO
AUTOLAVADO Y ASPIRADO

ABIERTO 24 H.

TIENDA
SPRINT
Servicio Cafetería
Pan fresco todos los días

Avda. de Madrid, 137 - Telf. y Fax: 986 25 07 71 - VIGO

CRISTALERIA®
CONDADO, S.L.

Derivados do Vidro

Tlf./Fax: 986 66 16 42
cristal@cristaleriacondado.com
www.cristaleriacondado.com

AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)

- Albañilería
- Pintura
- Alicatados
- Reformas en general

Álvaro Bargiela Boente
655 893 688 – Ponteareas
COUSO



CAFÉ ROVI
EST. 1890

Miles de Cafés al dia
un momento para ti.

Café Rovi hosteleria profesional

Estamos a su disposición en los teléfonos
✆ 620 207 067 - 609 181 549
Si quiere un buen Café no dude en consultarnos
BARES·CAFETERIAS·RESTAURANTES·MESONES

CAÑOTA BAR

Guláns - Casal

Programa de Festas



GULANS

PONTEAREAS 2015

Festas na honra a **Virxe da Saude**

Os días 26, 27 e 28 de Xuño de 2015

26 Venres

FESTA DA XUVENTUDE
MACRO DISCOTECA CDC CON GOGOS



27 Sábado

Ás 22:30 horas, gran verbena amenizada polas orquestras

MIRAMAR
PANORAMA

Durante toda a noite, elaboración de Alfombras Florais

28 Domingo

Ás 11:30 horas, pasarrúas a cargo da

BANDA DE MÚSICA UNIÓN DE GULÁNS

De seguido concerto da Banda de Música

Ás 12:30 h., **Misa Solemne**, cantada polo CORO PARROQUIAL e **Procesión** acompañada pola Banda de Música.

Das 17:00 ás 22:00 h., **Para os cativos, HINCHABLES DE BALDE, a cargo da empresa SLALOM.**

Ás 18:00 h., actuación **"EL REY DEL HUMOR"**

Ás 20:00 h., concerto da **BANDA DE MÚSICA**

A partir das 22:00 h., verbena amenizada polas orquestras:

PARIS DE NOIA
FOLIADA

A Comisión de Festas PROHIBE o BOTELLÓN no Recinto da Festa por Seguridade establecido pola nova Ley.

Haberá un Pulpeiro o Sábado e Domingo.

En caso de mal tempo Recinto cuberto por unha gran CARPA

NOTA: A novena comezará o día 19 de Xuño

promociones artísticas GIRALDEZ
DALMACIO T. 699 033 275
Teléf. 986 64 02 19 · Part. 986 64 05 02 - Móvil 607 32 99 63 - XINZO · PONTEAREAS

BAR DA COMISIÓN
TRASAR
PRECIOS ECONÓMICOS

www.cousodegulans.es • email:info@cousodegulans.es

D. Clemente González González, mestre de Couso

Anxo Serafín Porto Ucha (angelserafin.porto@usc.es)

Raquel Vázquez Ramil (raquel.vazquezramil@ceu.es)

Este ano 2015 correspóndelle ao dinámico barrio de Couso (Guláns, Ponteareas), sempre tan respectuoso coa tradición (recuperación da ruta do muíños, festa do pote, os carboeiros e os cachimbos, San Martiño...), organizar as Festas en louvanza á Stª Virxe da Saúde, festas que, de forma intermitente, vanse sucedendo cada dezaseis anos. Podiamos dicir que, co barrio de Couso, péchase e ábrese un novo ciclo, unha especie de calendario ou reloxio que serve de referencia para medir o paso do tempo.

Aproveitamos a amábel invitación da Comisión organizadora para falar dun mestre veciño noso, D. Clemente González González, que foi tamén mestre en Couso, aínda que nun breve período anterior á Segunda República. Lembremos que a parroquia de Guláns contou durante moito tempo con tres escolas: as de nenos e nenas no barrio do Casal, e unha mixta neste benquerido barrio de Couso, barrio que está na base da orixe da parroquia. Coa profesora Raquel Vázquez Ramil, especialista en Historia, moi interesada no pasado da nosa parroquia, levamos visitado San Cibrán e os restos do importantísimo achado arredor da ermida de San Martiño. En colaboración, ambos os dous publicamos no último número da Revista *Soberosum* (2015) un estudo sobre o Nomenclátor da «Casa del Maestro» de Pontevedra, centrado nesta ocasión no Concello de Ponteareas (1934), con datos moi interesantes sobre Couso, que tiña a súa escola no lugar da Cortella, cunha matrícula de 25, e 18 en adultos. Hai que dicir que Couso contaba por aquelas datas coa Sociedade de Fomento «La Alborada», Unión Progreso de Couso, fundada en Buenos Aires o 5 de xuño de 1932, da que trataremos noutra oportunidade.

Clemente González González foi nado en Guláns (Ponteareas) o 14 de marzo de 1901. Era fillo de Francisco González Ucha e Generosa González Moldes, que tiveron tenda e taberna no Casal, preto da Igrexa, moi querida polos veciños de Couso, que se daban cita nas celebracións relixiosas ou mesmo nos enterros, nos que había que camiñar, a pé, un longuísimo treito dende Couso até o cemiterio parroquial.

Clemente era o maior de cinco irmáns, con Avelino, Luciano, Carmen e Jaime. A súa historia é, certamente, digna de resaltar. Antes de afrontar os estudos para mestre, soubo xa, en idade moi temperá, da emigración a Cuba. Á volta, con 22 anos, fixo, nun tempo verdadeiramente breve, a carreira de Mestre de Primeira Ensinanza na Escola Normal de Pontevedra. Contou co apoio do seu tío José, irmán da súa nai, tamén emigrado a Cuba.

D. Clemente foi mestre interino de Guláns, entre marzo e setembro de 1927. Fíxose logo cargo, tamén interinamente, da escola de Couso, entre abril de 1929 e novembro de 1930. Un feito significativo na historia da nosa parroquia foi a doazón de material escolar por parte da Sociedade «Brisas del Plata», de Buenos Aires (1929), para as tres escolas de Guláns. Esta Sociedade de Emigrantes tiña os seus representantes en Guláns, con Amador Carballido en Couso. Nunha das fotos que se fixo en marzo de 1929 aparece D. Clemente, rodeado dos seus alumnos e o tamén representante de Brisas del Plata na parroquia, o cirurxián Maximino Soto.



Don Clemente González cos alumnos da escola de Couso. Ano 1929

O 14 de febreiro de 1931, xa coa oposición gañada, D. Clemente tomaba posesión da escola de San Mateo de Oliveira, na que estivo ata xuño de 1934. Logo foi para a escola de Entienza (Salceda de Caselas), ubicada no Edificio-escola construído polos «Hijos de Entienza en Buenos Aires» onde tivo tamén durante a Segunda República unha escola de noite, para alfabetización de adultos. Aquí permaneceu vinte anos, ata o seu traslado a San Pedro de Sárdoma (Vigo).

Co traslado en 1954 a San Pedro de Sárdoma, iniciábase unha nova etapa. Aquí permaneceu ata a súa xubilación a finais dos anos 60. A súa neta Mª Elena González Alfaya incorporou ao noso traballo anterior *Historias de Vida* (2003) datos importantes sobre este ilustre mestre.

Para unha parroquia como Guláns, que conta cun número considerable de mestres e mestras, saídos todos do esforzo persoal, entre eles o moi querido amigo Rafael Carballido Bargiela, a súa irmá Mercedes ou Estrella Represas Cima, deste mesmo barrio de Couso, D. Clemente era o decano da profesión. Finou o 8 de febreiro de 1989.

Saúde e Felices Festas



BAR TAPERIA



Tlf: 617.644.680

O COCHO DO RÍO

SOUTO - GULÁNS

CAFETERÍA

RALLICK

BOCATERÍA

PASEO MATUTINO, 23. TELEFONO: 886 311 204



•PELUQUERIA•

Saura

Paseo Matutino, 13
Peluqueria: 651 81 42 99
Particular: 696 20 91 03
PONTEAREAS

Optica mahen

Ópticos desde 1939

Senén Canido 4 PONTEAREAS

Nº Reg. Sanitario E-36-000038



Sousa

Obras y reformas
en general

Cans - Teléf. 675 080 871

café, bar

GULÁNS

ESTACION DE SERVICIO

CHOUSAL, S.L.

Avda. Ricardo Mella, s/n
Teléfs. 986 21 16 38
S. Andrés de Comesaña - VIGO

CHURRASQUERÍA
SAN CRISTÓBAL

Moreira
678639699



CAFÉ - BAR
EL BOSQUE

TERRAZA EXTERIOR CUBIERTA
XINZO - CONFURCO (PONTEAREAS)

Tempos pasados que preto están



Como veciño de Guláns e alagándome por ser o home de mais idade da Parroquia, pídenme escribir sobor do barrio de Couso naqueles tempos da miña infancia.

Lembranzas e recordos que a un lle fan sentir unha emoción tal que é difícil de explicar, engadido a incertidume de si mañá abrirei os ollos pa poder seguir contando as istorias pasadas.

Lémbrome como con tan so 7 anos chegaba a Barroca onde eu vivía coa miña nai Carmen a **Sra. Salud de Couso**,que a diario traía leite e seguía camiño cara Ponteareas onde facía o seu reparto, ademais de cumprir cos encargos que se lle facía. Cantas veces comeu na nosa casa como sustento da súa andadura e cantas veces me levaba a súa, para comer as cereixas que en Couso maduraban antes.

Tamén me ven a memoria aqueles veciño/as de Couso que casaron con outro/as dos distintos barrios da Parroquia, así temos en conta a:

MANOLO de Couso con Baselisa, emigrou a Bos Aires cos dous fillos Manolo e Xoaquín. Nunca mais voltou.

ANGELITA de Couso con Evaristo do Pisco

ANTONIA DE CABANAS de Couso con Xosé, tendo por fillas a Consuelo e Esperanza, que morta a primeira deixou viúvo a José quen voltou a casar coa súa irmá en segundas nupcias.

Naqueles tempos alá polo ano 1930 senón antes, emigraron unha meirande parte de veciños de Couso a Cuba e Arxentina e pasada a guerra civil o pais de destino era Venezuela.

De aí que a colonia que tiñan en Bos Aires chamada "BRISAS DEL PLATA" aportaran donativos para compra de material para as escolas de Couso con D. Clemente como mestre e no Casal D. Gabino. Unha das aportacións foi unha maquina de escribir.

Quero despois deste meu relato, agradecerlle a comisión da festa da Saúde 2015 do barrio de Couso o aprecio que me dispensan e a oportunidade que me dan pa colaborar e participar no desenvolvemento das festas da Nosa Virxe da Saúde.

CANDIDO PORTO GONZÁLEZ (da Barroca, nado no 1923)

Habería que pensar que, se as escolas do rural morren, o rural irá morrendo tamén

Son mestre do colexio rural agrupado (CRA) a Picaraña (Ponteareas) na escola de Ganade. É tamén unha firme defensora deste tipo de educación en escolas unitarias, así como dos beneficios de que estas se integren neses chamados colexios agrupados.

¿Que vantaxes ten a educación en escolas unitarias?

Para min, é o tipo de educación ideal. Creo nunha educación individualizada e nunha educación global, na que o neno aprenda a aprender, dunha forma autónoma, respectando e compartindo. Onde aprenda a tomar as súas decisións, a ser responsable. A mestura de niveis é moi boa. Non hai idades cronolóxicas, senón madurativas. Cando un neno supera unha etapa, pasa á seguinte. Cada pequeno ten o seu propio nivel. Os máis novos aprenden dos maiores e os maiores aprenden, con eles, a ser máis responsables. Cando un dos de menor idade lle pregunta ao máis maior sobre unha cuestión e este lla explica, está reforzando o que sabe, incluso decatándose de cousas que antes non percibira.

¿Contan co apoio e coa participación dos pais?

Moito. Un punto importante que nas unitarias levamos moi a fondo é o contacto con toda a comunidade educativa en xeral. Os pais son un reforzo directo, valoran a importancia de aprender e de ensinar. Iso permite que o neno veña tamén máis maduro á escola. Se hai algún tipo de problema, se o rapaz pasou mala noite... todo iso comunícase. Buscamos que o pai sexa tamén mestre, coma o profesor. Non temos que ter medo da participación e da colaboración dos proxenitores na educación dos nenos. Trátase de ser partícipes uns cos outros.

¿Como se ve o futuro deste tipo de escolas, con esas vantaxes que cita, no medio rural actual?

O rural está variando. Habería que pensar que se as escolas do rural morren, o rural irá morrendo tamén. E evitar iso sería algo que deberiamos intentar todos: mestres, pais e Administracións. Galiza é eminentemente rural, é a súa identidade, pero o certo é que xa estamos necesitando educar no rural a nenos que viven nel. Hai pequenos aos que xa lle resultan alleas determinadas tradicións, como a esfolla, por exemplo. Levan unha vida case urbana, dentro do rural.

Catalina Carballido

Coro parroquial

As veces música de festa e outras veces música de loito, as veces música para bailar e outras veces simplemente música para alegrar os oídos, pero case sempre en calquera festa ou celebración que se precie a música faise presente. Para os que nos sentimos e dicimos cristiáns cada domingo é unha festa, a Festa do Señor. Por iso nós, como coro parroquial, vimos coa nosa ofrenda musical a facer de cada encontro dominical unha festa de irmandade. Pero se hai algún día no ano onde festa, fe e música van collidas da man é no día da Festa da Nosa Señora a Virxe da Saúde. Un día moi especial para toda a nosa parroquia de Guláns, unha especie de oasis de encontro e fraternidade no medio dun ano cheo de problemas e traballos. Dende o coro parroquial, queremos dar as grazas as comisións presentes, pasadas e futuras polo seu esforzo, traballo e dedicación para que o Día da festa da Saúde, se celebre como se merece, e a todos os veciños e veciñas de Guláns e os de tantos outros sitios que neses días vides ata aquí, desexarvos que pasedes unhas felices festas e que a nai de Deus, na advocación da Nosa Señora a Virxe da Saúde, nos protexa e nos acompañe no noso camiñar polo sendeiro da vida. Un saúdo agarimoso e boas festas!!

O coro parroquial

A Festa da Virxe da Saúde é a nosa festa parroquial

Unha das celebracións máis populares de Galicia e de España son as Festas parroquias ou patronais que se festexan e celebran en todo o país sobre todo no verán. As festas parroquiais ou patronais son un conxunto de solemnidades con que unha población poden ser barrios, parroquias etc.. celebra anualmente a data do seu patrón ou patroa. Trátase dunha tradición implantada esencialmente nos países de cultura hispana. En España na área deste tipo de celebracións soen ser coñecidas como festas maiores. Estes festexos inclúen normalmente actos relixiosos, como un oficio solemne e celebracións paganas nas que por suposto a música ten que estar sempre presente. Orquestras, charangas, actos festivos, diversión a raudais ¿Que sería das festas locais dos pobos ou das parroquias sin as orquestras? Ver os avós, ou os que non sabemos bailar, movendo as cadeiras o ritmo de "La Macarena" ou "Paquito Chocolatero" ¡¡non ten prezo!! Os momentos maís divertidos e alocados normalmente danse cando chega a hora da verbena.

No caso da parroquia de Guláns unha de estas festas é a da nosa Patroa, a Virxe da Saúde que se celebra o derradeiro fín de semana de Xuño. Segundo dí a tradición cada 15 anos tócalle a organización de tal evento ao mesmo barrio posto que a parroquia ten 16 barrios e cada ano que pasa tócalle a organización a un barrio distinto. Este ano ao igual que fai 15 anos ou 30 anos ou 45 anos atrás tocoulle ao Barrio de Couso colaborar na realización da citada festa. Con poucos habitantes como somos no barrio e coa necesidade de conseguir uns cartiños para poder levar a cabo tódolos actos, todo o pobo debe colaborar tanto económicamente como axudando en todo no que poida. Pero hai uns encargados de preparar, organizar e traballar para poder levar a cabo os festexos e para que todo o mundo teña en eses días ou nese fín de semana o seu lugar de encontro e diversión con amigos e familia, e eses son os membros da comisión organizadora e os seus colaboradores, un equipo humano excepcional que traballa arreo para poder ter unhas festas coma as que xa se fixeron con anterioridade, e isto non é un tópico senon que realmente é así. Segundo se vai acercando a data (este ano é o fin de semana do 27 e 28 de xuño) é cando a comisión

ten maior traballo. Os lios, tensións e discusións están asegurados como en calquer comisión que se precie, pero con vontade e entendendo que son momentos de estrés ao final as augas sempre voltan ao seu cauce coa satisfación de facer un bo traballo cóvado con cóvado para o ben do pobo. Mención especial tamen merencen outras persoas que sin ser da comisión organizadora axudan dunha forma ou de outra aportando o seu granciño de área, porque todas elas suman, e digo suman porque participan e colaboran. Non hai máis que ver como se volcou o pobo enteiro o 28 de decembro do ano pasado coa organización do Belén viviente, e é que sen a axuda desta xente do barrio non sería posible. O 28 de decembro sentinme máis orgulloso ca sempre de ser de onde son.

Para acabar só cabe decir que, non sabemos como sairán estas festas, pero sí de unha cousa estamos seguros é de que se porá todo o esforzo e ilusión para que todo saia o mellor posible e que xuntos fagamos un monton de recordos para engadir a nosa memoria posto que o tempo pasa pero os recordos quedan e esperemos que a Virxe da Saúde nos siga dando forza, saúde e nos axude na nosa vida para seguir fortalecendo a fe neste novo ano que escomenzou.



Na foto o meu avó Maximino e outro gupo de xente portando unha santa un día de festa a saida da igrexa, posiblemente fai 50 ou 60 anos. O tempo pasa pero os recordos quedan para sempre na nosa memoria.

Pablo Carballido


Parroquia de Guláns